



RESOLUCIÓN do 3 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se prorroga a vixencia dos certificados de recoñecemento da condición de familia monoparental expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

ANTECEDENTES

1. O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou a pandemia do brote do virus COVID-19. A facilidade de contaxio e a rápida propagación deste virus xerou un grave problema de saúde pública global.

2. En resposta a esta situación de emerxencia sanitaria, os poderes públicos centrais e autonómicos veñen de adoptar medidas excepcionais de carácter sanitario e social en aras de protexer á poboación e, en particular, aos colectivos máis vulnerables.

3. O Goberno central aprobou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo). Esta norma regula medidas como o confinamento, a limitación da circulación ou o peche de servizos administrativos non esenciais.

Na materia de familias monoparentais, o procedemento de expedición de certificados do seu recoñecemento considérase un servizo público non esencial e, en consecuencia, está afectado polas medidas excepcionais da dita norma estatal. Este bloqueo pode xerar a acumulación dun importante número de solicitudes de renovación ou expedición de certificados con vencemento durante período de vixencia do estado de alarma.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Resulta de aplicación a seguinte normativa:

- O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Lei 3/201, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (artigo 13).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas

2. O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establece no seu artigo 6 que *“cada administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente para os efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5”*.

3. A disposición adicional cuarta, establece que que *“os prazos de prescrición y caducidade de calesqueira accións e dereitos quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptasen”*.





4. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais, de conformidade co artigo 27.23 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia. Estas competencias están delegadas na persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en virtude da Orde do 03.03.2016, sobre delegación de competencias nos órganos de dirección e nos/ nas xefes/ as das xefaturas territoriais da consellería de Política Social (DOG. Núm.54, do 18 de marzo de 2016).

Valorada a situación exposta motivada pola actual crise sanitaria, RESOLVO:

Primeiro. Prorrogar ata a finalización das medidas extraordinarias establecidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 a vixencia dos certificados de recoñecemento da condición de familia monoparental expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia que caduquen entre o 1 de xaneiro de 2020 ata o transcurso de 3 meses dende o levantamento das medidas derivadas da declaración do estado de alarma.

Non obstante, independentemente da dita prórroga automática, os titulares dos certificados veñen obrigados a solicitar a súa renovación logo de finalizado o período de estado de alarma provocado por la crise do Covid-19.

Esta resolución non esgota a vía administrativa. Contra ela, as persoas interesadas poden interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a notificación da resolución, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben, un recurso potestativo de reposición nos termos do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

